

PROBA DE ACCESO**PROBA ORDINARIA****ESPECIALIDADE: TROMBÓN**

A) : Interpretación dun programa dunha duración aproximada de trinta minutos, integrado por obras dunha dificultade apropiada a este nivel.

OBRAS ORIENTATIVAS.

- Concerto de Ferdinand David para trombón e orquesta
- Fantasía de Sigismond Stokowsky para trombón e piano
- Sonata en LAm de G. Ph Telemann adap. para trombón e piano
- Morceau Symphonique de Philip Gaubert para trombón e piano
- Paul. Hindemith : Sonata para trombón e piano

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar públicamente obras de estilos e épocas diversas cun tempo mínimo de trinta minutos.

Este criterio constata a unificación do fraseo, a precisión rítmica, o equilibrio sonoro, a preparación de cambios dinámicos e de acentuación, así como a adecuación interpretativa ó carácter e ó estilo da música interpretada.

- Demostra-lo dominio na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

Este criterio avalía a capacidade de relacionar aspectos técnicos e teóricos necesarios para unha correcta interpretación.

- Demostra-la sensibilidade auditiva e capacidade de reacción ante a afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Avaliaráse o coñecemento do instrumento e das posibilidades do mesmo.

- Interpretar de memoria, alomenos, unha das obras do repertorio solista de acordo cos criterios correspondentes ó determinado estilo.

Valórase a comprensión e dominio que o intérprete posue das obras, ademáis da capacidade de concentración e reacción sobre os resultados sonoros obtidos.

- Demostra-la autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro dos parámetros que permita o texto musical.

Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ó texto.

PROBA DE ACCESO**PROBA ORDINARIA****ESPECIALIDADE: TROMBÓN**

- Mostra-la autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos na lectura a vista.

Con este criterio preténdese comprobar o desenrolo que o alumno alcanzou na repentización e comprensión de estruturas formais.

- Mostra-las capacidades analíticas necesarias para poder acceder ós estudos do grao correspondente.

Avaliaráse o coñecemento do alumno nas materias formais e armónicas.

B): Análise dunha obra ou fragmento proposto polo Tribunal (Ver programación de proba de análise).

C): Lectura a vista.

AS DIFERENTES PARTES DA PROBA DE ACCESO ORDINARIA ESTARÁN PONDERADAS DA SEGUINTE MANEIRA:

ESPECIALIDADES	PARTE A	PARTE B	PARTE C
INSTRUMENTAIS	50%	35%	15%

Acordo da Comisión Pedagóxica do día 5 de abril de 2006

PROBA DE ACCESO**PROBA ORDINARIA****ESPECIALIDADE: TROMBÓN****Proba de: ANÁLISE (Parte B da proba)**

Realización dunha proba práctica que consistirá na análise formal, estrutural, melódica, rítmica, harmónico-contrapuntística e estilística da obra ou obras que o tribunal determine dos contidos.

NOTA: na proba de análise correspondente ao apartado b), os alumnos-aspirantes deberán contestar, por escrito, ás preguntas que se formulen relacionadas coa obra obxecto de análise. Estas preguntas poderán oscilar entre dezaseis e trinta, podendo cada unha delas constar, a súa vez, de varios apartados. Asemade, sinalarán na partitura todas as anotacións que consideren oportunas.

CONCEPTOS

- A análise sonora: timbre, dinámica, textura
- A análise harmónica: tonalidade, modulación, cadencias, acordes e notas estrañas
- A análise contrapuntística: contrapunto simple, imitativo e invertible
- A frase/período musical: divisións, simetrías e asimetrías, relación texto e música
- A análise melódica: ámbito, movemento, continuidade e función
- A análise rítmica: tecidos, tema, motivo e deseño, ictus
- O canto gregoriano: signos de articulación, notación, modalidade, a melodía gregoriana, relación texto e música, tipos de execución, calendario litúrxico
- Nacemento da polifonía: ars antiqua, os modos rítmicos, o organum, o conductus polifónico, o motete, o Hoquetus
- A monodia profana: formas principais
- A ars nova: Francia, Italia e Inglaterra
- O renacemento: características, motete, madrigal, cancións polifónicas. Formas instrumentais.
- Comezos do barroco: características, a ópera, madrigal, música relixiosa e música instrumental
- Continuación do estudo do barroco: características, a ópera, madrigal, música relixiosa, sonata, suite, fuga, concerto grosso e solista.
- O clasicismo: formas de sonata, concerto, variación, ópera.
- O romanticismo: formas de sonata, concerto, variación, ópera, poema sinfónico, lied, pequenas formas.
- O nacionalismo: Rusia, España, outros países.
- O novo sinfonismo: Mahler, Brückner, Respighi e Richard Strauss.
- O impresionismo: Debussy e Ravel.
- A 2ª escola de Viena: Expresionismo e Dodecafonismo; Schönberg, Berg e Webern.
- O neoclasicismo e outras tendencias: Hindemith, Britten, Ravel, Stravinsky, Bartok, Prokofiev, Poulenc, Copland.

PROBA DE ACCESO**PROBA ORDINARIA****ESPECIALIDADE: TROMBÓN**

- A partir de 1950: electroacústica, estocástica, aleatoria e outras tendencias. Messiaen, Stockhausen, Xenakis, Lutoslawski, Berio, Ligeti, Boulez, Penderecki...

PROCEDEMENTOS

- Análise de obras ou fragmentos identificando as distintas notas estrañas
- Análise de obras ou fragmentos identificando procedementos harmónico-contrapuntísticos
- Análise de obras ou fragmentos identificando acordes e modulacións
- Análise da forma, estrutura e das súas divisións menores (período/frase, etc.)
- Análise estilístico
- Identificación auditivos dos elementos e procedementos estudados

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar mediante a análise o dominio do alumno para recoñecer os elementos morfolóxicos desde as orixes da música occidental ata o renacemento
- Identificar mediante a análise os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala, desde as orixes da música occidental ata o renacemento
- Identificar mediante a audición os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala, desde as orixes da música occidental ata o renacemento
- Identificar auditivamente, diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e proferir solucións
- Identificar mediante a análise, diversas erros en exercicios preparados con esta finalidade e proferir solucións

METODOLOXÍA**Material Curricular Básico**

- Historia de la música occidental de Donald J. Grout-Claude V. Palisca
Ed. Alianza Música Madrid 1988
- Tratado de formas musicales de Joaquín Zamacois
Ed. Span Press Universitaria
- Formas de sonata de Charles Rosen
Ed. Span Press Universitaria
- Análisis del estilo musical de Jan LaRue.
Ed. Span Press Universitaria 1998
- La música medieval de Richard H. Hoppin
Ed. Akal música Madrid 1991



PROBA DE ACCESO

PROBA ORDINARIA

ESPECIALIDADE: TROMBÓN

- La música del Renacimiento de Allan W. Atlas
Ed. Akal música Madrid 2002
- La música en la época barroca: De Monteverdi a Bach
Manfred F. Bukofzer Ed. Alianza Música
- La música clásica de Philip Downs
Ed. Akal música
- La música romántica de Leon Plantinga
Ed. Akal música
- La música del siglo XX de Robert P. Morgan
Ed. Akal música
- Tratado de armonía de Joaquín Zamacois. Libro III
Ed. Span Press Universitaria 1997
- Armonía de Walter Piston
Ed. Span Press Universitaria 98
- Tratado de contrapunto tonal y atonal de J. García Gago
Ed. Clivis
- La melodía de Ernest Toch.
Ed. Span Press Universitaria